Sobre a valoración e as previsións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria respecto das denuncias da comunidade educativa e dos sindicatos docentes relativas ao número de baixas sen cubrir no sistema educativo, nomeadamente no ensino secundario, e o mecanismo de substitucións que se está a utilizar

- 08/5PRE-4856(59414) (68467)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Meijón Couselo, Guillermo Antonio e 3 deputados máis
Sobre a sentenza xudicial pola que se anula a Instrución 3/2010, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, relativa á organización e ao funcionamento dos comedores escolares

- 08/5PRE-1406(55177) (68446)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e 3 deputados máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia da situación das finanzas galegas no ano 2009, así como do cumprimento dos obxectivos de estabilidade previstos para o ano 2010

- 08/5PRE-4861(59430) (68448)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e 3 deputados máis
Sobre a valoración do Goberno galego das alternativas de futuro do sistema financeiro galego, as previsións de promoción dunha solución concertada e a existencia na economía galega de posibilidades de captación do capital que vai necesitar Novacaixagalicia, así como as de participación do Goberno galego no proceso

- 08/5PRE-4944(60484) (68449)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e 3 deputados máis
Sobre o motivo real da baixa de crédito realizada en novembro de 2010 nos orzamentos das consellerías do Medio Rural e do Mar por un importe de máis de noventa millóns de euros, as súas consecuencias na execución orzamentaria, así como a avaliación do Goberno galego da xestión da Consellería do Mar

- 08/5PRE-5045(61960) (68450)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e 3 deputados máis
Sobre a solución de futuro para Novacaixagalicia na que están a traballar os xestores da caixa e o Goberno galego

- 08/5PRE-5046(61966) (68451)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e 3 deputados máis
Sobre a opción de futuro defendida no plan de viabilidade de Novacaixagalicia, o papel da Xunta de Galicia na súa definición e as achegas de capital necesarias, así como o mantemento da obra social

- 08/5PRE-5047(61968) (68453)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e 3 deputados máis
Sobre o core capital das caixas de aforro galegas a 31 de decembro de 2010, os datos referidos á actividade desenvolvida, nomeadamente en materia de compra de activos inmobiliarios situados fóra de Galicia, e os seus efectos na solvencia global destas entidades

- 08/5PRE-5273(64695) (68468)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz e 3 deputados máis
Sobre a denegación pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da entrevista solicitada polo señor

alcalde de Ares para tratar a ampliación do colexio público integrado, pola prohibición establecida na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral

- 08/5PRE-5277(64724) (68469)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Meijón Couselo, Guillermo Antonio e 3 deputados máis
Sobre as previsións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria respecto da formulación dalgún tipo de programa de bolsas e axudas para os estudantes de formación profesional en función dos desprazamentos ao centro onde cursan os seus estudos

- 08/5PRE-5284(64819) (68456)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caride Estévez, María José e 3 deputados máis
Sobre a situación na que se atopa Novacaixagalicia respecto da superación dos tests de estrés sen a achega dos recursos públicos do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria e as consecuencias para unha entidade no caso de non superalos

- 08/5PRE-5301(65040) (68457)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caride Estévez, María José e 3 deputados máis
Sobre a valoración do Goberno galego dos cambios na remuneración dos directivos das caixas de aforros galegas en relación co axuste laboral interno e as medidas previstas ao respecto

- 08/5PRE-5333(65321) (68458)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caride Estévez, María José e 3 deputados máis
Sobre o motivo do incremento no ano 2011 do gasto en publicidade da Consellería de Facenda

- 08/5PRE-5334(65322) (68459)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caride Estévez, María José e 3 deputados máis
Sobre o motivo do incremento no ano 2011 do gasto en publicidade da Consellería de Facenda

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2011

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

SB/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 3ª- nº **47556**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María José Caride Estévez e varios/as deputados/as máis, sobre **“as estimacións da evolución do produto interior bruto galego, os datos do segundo trimestre de 2010 e os axustes en datos anteriores publicadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE)”**, (publicada no BOPG nº 314, do 16 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada segundo os datos que obran nesta **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“As estimacións trimestrais realizadas polo IGE sobre a evolución do PIB presentan revisións de datos anteriores cada vez que se calcula o crecemento dun novo trimestre. Estas revisións son comúns con outras contabilidades trimestrais como a nacional ou a de todos os países que elaboran este tipo de estatística. As fontes de revisión son varias e explícanse nos seguintes apartados.

1. Para a realización desta estatística utilízase como información indicadores de conxuntura que ao estimar o último trimestre de referencia poden ser datos provisionais (suxeitos a revisión posteriormente, p.e. cando sae o Índice de produción industrial dun mes revísanse os datos dos dous meses anteriores) ou - peor aínda - que non existise ou estivese incompleta a información, caso no que se substituiría por predicións. Neste caso, en canto se consolide a



información do trimestre o resultado para ese trimestre que se estima en trimestres posteriores variará con respecto á estimación inicial.

2. A outra fonte de información moi importante á hora de elaborar esta estatística son as contas anuais que saen con dous anos de desfase con respecto á trimestral. Os datos da trimestral axústanse ao dato anual (a suma ou a media dos datos trimestrais é o dato anual) e estes datos tamén son provisionais nos últimos dous anos nos que se dispón de información. Cada ano, no segundo trimestre, incorpóranse á contabilidade trimestral os novos datos das contas anuais: unha nova estimación dun ano e a revisión de dous anos que antes eran provisionais. Esta información revisa a serie trimestral nos anos afectados e tamén orixina revisións en anos anteriores e nos posteriores debido ao método de estimación das series trimestrais, no apartado tres aclárase este punto. Cando as contas anuais cambian de base (con ou sen cambios metodolóxicos profundos) entón non só se incorporan tres anos con distinta información senón que se modifican todos os datos anuais e por tanto todos os trimestres.
3. O método de obtención de series trimestrais fundamentase nunha idea básica: se para cada agregado das Contas anuais se dispón dunha ou máis series estatísticas (indicadores) de periodicidade trimestral ou inferior, cunha evolución similar á do correspondente agregado, é posible estimar econométricamente (regresión) unha relación entre as series anuais dos agregados e os indicadores, mensuais ou trimestrais, anualizados, que permite obte-los valores trimestrais dos agregados. Cada vez que se incorpora información anual ou se revisa algún indicador por cambios metodolóxicos modifícanse as relacións econométricas entre os indicadores e os agregados anuais e por tanto o resultado da trimestralización.
4. Os datos utilizados máis frecuentemente son os datos corrixidos estacionalidade e de calendario. Para a extracción de sinais das series utilízase a metodoloxía baseada en modelos ARIMA (utilízanse os



programas TRAMO e SEATS do Banco de España). Para obter a estacionalidade dunha serie estímase un modelo ARIMA e utilizando a descomposición baseada no modelo calcúlase a estacionalidade que logo se lle elimina á serie. Este procedemento ocasiona dous tipos de revisión, para poder realizarse necesítase estender a serie con predicións que en trimestres sucesivos se substitúen polo datos reais, as revisións serán maiores tanto canto máis erradas sexan as previsións (nos últimos dous anos as previsións iniciais e a realidade final estiveron bastante separadas). O outro tipo de revisión provén do feito de que o modelo ARIMA estimado para a serie varía ao incorporar nova información, poden variar os coeficientes aínda que non varíe o modelo ou ben pode variar o propio modelo coa conseguinte variación na estimación das compoñentes en toda a serie. Algúns institutos de estatística optan por fixar as series ata un ano dado para que non haxa variacións cara atrás, pero o IGE revisa todas as series dende o primeiro trimestre, o segundo procedemento ocasiona maiores revisións pero non ten problemas no punto de enlace das series e presenta unha estacionalidade máis clara fronte ao segundo.

5. Outra fonte de revisión moi relacionada coa primeira é a elaboración de novas estatísticas conxunturais ou cambios metodolóxicos nas existentes, para a súa incorporación é preciso esperar algúns trimestres, o que modifica os trimestres anteriores ao da incorporación.

No caso concreto do segundo trimestre de 2010, a maiores do posible efecto das revisións mencionadas nos parágrafos anteriores habería que engadir que nese trimestre se cambiou de base contable nas contas anuais e trimestrais, pasouse da base 2000 á base 2005 congruente coas táboas input-output dese ano. Na nota de prensa publicada inclúese na última páxina unha referencia a este cambio que di:

'Actualización das series das Contas económicas anuais

As series contables que aquí se presentan incorporan as actualizacións das estimacións das Contas económicas anuais derivadas do cambio de







base contable 2005 iniciado coa publicación do Marco Input-Output de Galicia 2005. Nas contas económicas anuais preséntase unha maior desagregación da información anual ata o ano 2008.'

Esta nota de prensa está dispoñible en



http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s5/notas_prensa/com_contas_trimestral_2010_2T_ga.pdf

Por último nos seguintes gráficos móstranse as taxas de variación interanual e intertrimestral media, máxima e mínima do PIB de cada trimestre dende 2006 ata o actual que se publicou nos trimestres posteriores. Poñendo un exemplo, o PIB do primeiro trimestre de 2006 revisouse 19 veces (tantas como trimestres hai entre ese trimestre e o terceiro trimestre de 2010 ambos incluídos), calculamos a media, o máximo e o mínimo deses 19 datos e o mesmo para os seguintes trimestres.





As revisións nacionais son inferiores ás galegas, o feito de fixar as series por parte do INE e de que as revisións son maiores nos indicadores conxunturais rexionais fronte aos nacionais explican este feito. Os gráficos seguintes mostran as revisións do primeiro trimestre de 1996 realizadas nos últimos 19 trimestres en Galicia e en España e as revisións do índice de produción industrial para os nove primeiros meses de 2010 (esta gráfica mostra a diferenza por mes entre o máximo valor do índice e o mínimo para cada mes dado en distintos meses posteriores).



2) Coa evolución comparada do PIB da economía galega e española, cre que Galicia mantén o ritmo de converxencia de anos anteriores?

Os datos do PIB dos tres primeiros trimestres de 2010 amosan un crecemento acumulado en termos de datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario do -0,4% para España e do -0,2% para Galicia o que supón un diferencial de crecemento de dúas décimas. En 2009 este diferencial foi de seis décimas e en 2008 o diferencial foi de oito décimas; por tanto en 2010 o diferencial de crecemento a favor de Galicia será inferior que en anos anteriores.

O noso maior crecemento en anos anteriores debeuse principalmente ao dinamismo do sector industrial autonómico, dado que o sector servizos presenta crecementos máis similares aos nacionais lastrado, sen dúbida, pola nosa dinámica poboacional. Dende que comezou a crise actual (2008) o sector industrial en Galicia resistiu mellor que España a contracción da demanda



galega, española e mundial, pero no ano 2010 o crecemento é similar ao nacional, o que non permite que este sector aporte unhas décimas adicionais ao PIB. En 2010 foi o gasto en consumo dos fogares non residentes (Xacobeo) o que nos vai permitir presentar un leve diferencial positivo con respecto a España.

3) Coa evolución comparada do PIB de Galicia e España, como cualificaría o efecto económico do Xacobeo 2010?

Para a estimación precisa do efecto do Xacobeo sobre a economía galega é necesaria unha maior cantidade de información da que dispoñemos no momento actual (xaneiro 2011). Nestes momentos dispoñemos de información de viaxeiros e de pernoctacións en establecementos hoteleiros, acampamentos e apartamentos turísticos e en aloxamentos de turismo rural que mostran crecementos superiores ao 10%, mentres que o crecemento medio nacional é inferior ao 6%. Se temos en conta os viaxeiros procedentes doutras comunidades e do estranxeiro (indicador máis próximo ao gasto en consumo dos non residentes) en Galicia os crecementos sitúanse aproximadamente no 17% en viaxeiros e no 13% en pernoctacións, en España estes crecementos son do 9,7% en viaxeiros e do 5,4% en pernoctacións.

No momento en que se dispoña de información estrutural desde a perspectiva da oferta para cuantificar o crecemento dos servizos máis directamente relacionados co turismo e de información sobre o gasto realizados polos viaxeiros poderíase dar unha cuantificación deste efecto introducindo algunhas hipóteses simplificadoras (supoñer que a estrutura das táboas input-output de 2005 segue sendo válida en 2010, que todo o turismo é atribuíble ao Xacobeo - máximo efecto do Xacobeo -, etc)

Tendo en conta que o gasto dos non residentes supón entre o 3% e o 4,5% do PIB dependendo do ano, para que a repercusión directa desta variable producira un diferencial con respecto a España de dúas décimas, este gasto debería ser superior en Galicia con respecto a España en máis de 5 puntos."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Casado García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 3ª- nº **49340**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María José Caride Estévez e varios/as deputados/as máis, sobre **“a compatibilidade dos recortes orzamentarios previstos para 2011 coas previsións financeiras, os obxectivos e as medidas do Plan estratéxico 2010-2014”**, (publicada no BOPG nº 324, do 30 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada segundo os datos que obran nesta **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Son perfectamente compatibles: As orientacións, obxectivos e prioridades marcadas no PEG respétanse nos Orzamentos para 2011, mantendo as actuacións nos cinco eixes estratéxicos, con prioridade na prestación de servizos públicos básicos e calidade de vida, fomento da actividade empresarial o emprego, especial esforzo de investimento na innovación e sociedade da información, e nos campos da enerxía, equilibrio territorial e mellora da eficiencia e calidade dos servizos da administración autonómica.

As previsións financeiras a medio prazo, unha vez actualizadas cos parámetros anuais orzamentarios e de estabilidade financeira, manteñen a senda de prioridades e dotan de recursos ás actuacións previstas no Plan cun alto grado de cumprimento respecto ao PEG.

Non cambian nin os obxectivos nin medidas, nin se revisan as prioridades, que son as do PEG. Os Orzamentos para 2011 son os primeiros que na Comunidade Autónoma –e na maioría ou aínda totalidade das Comunidades- que se formulan en termos de planificación estratéxica, por obxectivos e con detalle das partidas asignadas a cada medida e actuación.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Tamén son os primeiros orzamentos rexionais que contemplan unha estratexia de desenvolvemento en liña coas prioridades de desenvolvemento contidas na Estratexia 2020 da Unión europea e aínda do Programa Nacional de Reformas.

No último terzo do ano 2010, e inmediatamente antes de presentar ao Parlamento o Proxecto de Orzamentos para 2011, o Plan Estratéxico foi debatido no Parlamento de Galicia, recollendo as iniciativas e propostas que formularon os distintos grupos políticos representados. Goza polo tanto, dun grado de consenso elevado, sendo a referencia para as liñas de actuación da Xunta para os próximos anos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Casanova García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 60300**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **"os motivos de non incluír 148 prazas de peón e peóns-condutores do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia na relación de vacantes que se van ofertar no próximo concurso de traslados, e a súa posible amortización"**, (publicada no BOPG núm. 422, do 3 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información solicitada por estas iniciativas douna o Secretario Xeral da Consellería do Medio Rural en resposta á pregunta oral nº 60302, incluída na Comisión 7ª celebrada o 05/04/2011, á que nos remitimos."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García




Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 60402**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **"os cambios que ten previsto introducir a Consellería do Medio Rural no Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia"**, (publicada no BOPG núm. 422, do 3 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa facilitouse polo Director Xeral de Montes en resposta a pregunta oral nº60401, incluída na Comisión 7ª celebrada o 18/05/2011, á que nos remitimos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Casado García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 60497**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Fernando X. Blanco Álvarez, sobre **"a opción que está a impulsar o Goberno galego para o futuro de Novacaixagalicia e sobre a situación económica desta"**, (publicada no BOPG núm. 422, do 3 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

"O abrupto cambio normativo sufrido polas entidades financeiras españolas a comezos do ano 2011 sitúaaas en desvantaxe comparativa co resto de entidades do noso entorno.

Igualmente realiza unha discriminación en función da natureza xurídica das entidades, plantexándose realmente como un xeito de eliminar a centenaria figura das caixas de aforros.

Neste contexto Novacaixagalicia está executando un plan de recapitalización para adaptarse ás novas esixencias normativas do Estado, contemplando a súa transformación en sociedade mercantil , unha evolución orgánica que maximice os seus recursos propios e unha posterior ampliación de capital que dea entrada a un accionariado mixto.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Este sistema permitiu que superaran de xeito satisfactorio os test de estrés de xullo de 2011.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 60523**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **"o contido e os criterios de aplicación do denominado Plan Impulsa Galicia interior, así como o seu posible impacto na situación das explotacións agrogandeiras"**, (publicada no BOPG núm. 422, do 3 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información solicitada nesta iniciativa facilitouse polo director xeral de produción agropecuaria en resposta á pregunta oral nº 60522, incluída na Comisión 7ª celebrada o 20/04/2011"

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 62810**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María del Mar Barcón Sánchez e don José L. Méndez Romeu, sobre **“o custo anual de cada un dos paneis informativos referidos ás obras do Complexo Hospitalario da cidade da Coruña, radicados na saída da autoestrada do Burgo e na avenida Alfonso Molina, así como o gasto anual da Consellería de Sanidade e os seus organismos autónomos en publicidade, campañas informativas, etc.”**, (publicada no BOPG núm. 447, do 8 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O custo deses paneis estaba incluído na campaña de modernización da sanidade pública de Galicia.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 65719**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María del Carmen Acuña do Campo e don Juan C. Francisco Rivera, sobre **“os motivos da non reparación dende mediados de maio de 2011 das avarías do aparato de raios existente no Punto de Atención Continuada de Verín, as intencións da Xunta de Galicia respecto da supresión deste servizo e, se é o caso, os motivos desta decisión, así como o seu custo”**, (publicada no BOPG núm. 490, do 15 de xuño de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O equipo de radioloxía do centro de saúde de Verín ten unha avaría. Neste momento está xestionándose a solución deste problema, mediante a súa reparación ou substitución. A atención aos pacientes de Verín está totalmente garantida en todo momento.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

SB/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 63655**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **"os efectivos cos que conta o Goberno galego para a realización de tarefas de prevención e defensa contra incendios forestais"**, (publicada no BOPG núm. 455, do 20 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que solicita esta iniciativa foi ofrecida polo director xeral de Montes en resposta á pregunta oral en Comisión nº 63656, incluída na Comisión 7ª celebrada o 01/06/2011, á que nos remitimos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 63989**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **"as modificacións introducidas na orde que regula a convocatoria do contrato de explotación sustentábel (CES) para o 2011"**, (publicada no BOPG núm. 458, do 27 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que solicita esta iniciativa facilitouse polo director xeral de produción agropecuaria en resposta á pregunta oral en Comisión nº63990, incluída na sesión celebrada o 01/06/2011."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

SB/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 64315**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **“os resultados prácticos do acordo marco de colaboración en materia de prevención de riscos laborais no sector da pesca de baixura galega”**, (publicada no BOPG núm. 463, do 4 de maio de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“Este Acordo, que amplía o contido do Plan Vixía, aborda novas actuacións dirixidas especialmente aos traballadores autónomos do sector, nos eixos de: diagnóstico da accidentalidade no sector, sensibilización, formación e asesoramento e vixilancia da saúde. Deste xeito comprende as liñas básicas para a mellora das condicións de traballo no que se refire a seguridade e saúde dos traballadores, que darán o seu froito a medio e, sobre todo, a longo prazo. Polo momento, o desenvolvemento da execución das actividades previstas está indo máis alá das previsións iniciais, e acadando unha repercusión e resposta moi positiva por parte do sector.

Aínda que as accións que abrangue implican un custo, ao se tratar dun Acordo Marco, non ten asignación orzamentaria expresa, tal como se manifesta na súa cláusula segunda, na que tamén se expresan as accións a desenvolver:



A colaboración que inspira o presente acordo, que non ten contido económico, farase efectiva mediante o desenvolvemento das accións consistentes en:

- a) O fomento da prevención de riscos laborais nos traballadores e traballadoras do mar.*
- b) A elaboración e seguimento de plans de prevención no sector da pesca de baixura e marisqueo para quen voluntariamente solicite a colaboración do dito Servizo de prevención mancomunado.*
- c) A realización de actividades de información e cursos de formación específicos en materia de prevención de riscos laborais para o sector da baixura, mediante actividades conxuntas co Servizo de Prevención mancomunado Mar Seguro de Galicia.*
- d) A análise da sinistralidade do sector da baixura en Galicia.*
- e) A realización de informes estatísticos e estudos nos que se formulen propostas de actuación ao sector e ás administracións competentes.*
- f) Todas aquelas actividades relacionadas coa seguridade e saúde laboral no sector da pesca de baixura e marisqueo en Galicia que de común acordo determinen as partes asinantes.*
- g) A realización polo ISSGA de estudos epidemiolóxicos no sector e recoñecementos médicos a autónomos.'*

En relación coas accións mencionadas, que se recollen na cláusula segunda do Acordo, ata o de agora desenvolvéronse as seguintes actividades:

- Elaboración de carteis e trípticos de sensibilización, que se distribuíron nas 65 confrarías de Galicia.



- Realización de xornadas informativas e de sensibilización en 58 confrarías.
- Asesoramento e elaboración da planificación preventiva a 202 embarcacións cuxa tripulación está constituída por traballadores autónomos.
- Realización de cursos de formación en prevención de riscos para traballadores autónomos, en 20 confrarías.
- Edición dunha '*Guía de prevención de riscos laborais no sector da baixura*'. Pesca marisqueo e acuicultura' (4.000 exemplares).
- Estudo epidemiolóxico, coa realización de recoñecementos médicos específicos, ate o momento, a 834 traballadores e traballadoras autónomos do sector.

Neste momento estase a continuar o asesoramento e elaboración de plans de prevención a embarcacións, e a realización de recoñecementos médicos. Asemade, iniciouse a análise de sinistralidade do sector e a realización dunha '*Guía de vixilancia da saúde no sector pesqueiro*'.

A cantidade investida nestas accións é de 118.862,96 euros.

Máis que novas propostas de actuación, como se dixo, o Acordo Marco articula e potencia a primeira das liñas de actuación do Plan Vixía, do que se pode considerar como un instrumento de reforzo, ao abranguer novas actuacións que o Plan Vixía non contemplaba, tales como a asistencia técnica para a elaboración da planificación preventiva, a realización de análises estatísticas e estudos, os recoñecementos médicos para traballadores autónomos e estudos epidemiolóxicos e a implicación do servizo de prevención mancomunado como medida de integración da prevención no sector. Estas actuacións supoñen un especial apoio as



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

micropemes e aos traballadores autónomos, en concordancia co Plan Estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia.

Trátase por tanto de accións encamiñadas directamente aos traballadores do sector.

O acordo asinouse o 26 de xullo de 2010, polo que ao non ter cumprido aínda o primeiro ano da súa efectividade, non se celebrou reunión da Comisión Mixta de Seguimento, que está prevista para o próximo mes de setembro. Porén, o pasado 20 de maio deuse cumprida conta do desenvolvemento deste Acordo Marco á Comisión de Goberno do ISSGA, na que están representados os sindicatos, patronal e Administración autonómica.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 64669**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e don Alfredo Suárez Canal, sobre **“o atraso no pagamento das nóminas dalgúns funcionarios da Administración galega correspondentes ao mes de abril de 2011”**, (publicada no BOPG núm. 468, do 11 de maio de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A nómina dos funcionarios devéngase por meses naturais, aínda que existe o costume do seu pago antes do devengo final do mes.

Dende fai uns meses o Estado atrasou o pago da segunda parte da PIE das CCAA, xerando un problema operativo.

Igualmente no mes de abril produciuse un problema operativo nunha das entidades financeiras colaboradoras, que non tramitou en tempo e forma o ficheiro EDITRAN co pago de determinados centros. Este problema é totalmente puntual e non debe repetirse.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 64725**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Guillermo A. Meijón Couselo e varios/as deputados/as máis, sobre **“as previsións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria respecto da formulación dalgún tipo de programa de bolsas e axudas para os estudantes de formación profesional en función dos emprazamentos ao centro onde cursan os seus estudos”**, (publicada no BOPG núm. 468, do 11 de maio de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, conforme ás competencias que ten atribuídas, adoptou a Orde do 3 de maio de 2011 pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Robert Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 4ª- nº **65120**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Román Rodríguez González e varios/as deputados/as máis, sobre **“as novidades achegadas polo decreto no que se regula a atención á diversidade do alumnado no sistema educativo galego”**, (publicada no BOPG nº 483, do 3 de xuño de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 65121 e debatida no Pleno da Cámara galega de datas 14-15/06/2011; á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Román Rodríguez Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mc

Núm.

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 65140**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Fernando X. Blanco Álvarez e dona Ana Luísa Bouza Santiago, sobre **"a posta en marcha do Servizo de Hemodinámica do Hospital Lucus Augusti de Lugo"**, (publicada no BOPG núm. 483, do 3 de xuño de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Foi contestada por oral na Comisión 5ª celebrada o día 30 de xuño a pregunta 65141 pola xerente do Sergas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 65233**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López e varios/as deputados/as máis, sobre **"os datos referidos aos fondos que se van destinar no ano 2011 ao apoio do libro en galego, así como á adquisición de novidades bibliográficas, con cargo ao convenio anual co Ministerio de Cultura, autorizado polo Consello da Xunta de Galicia o día 26 de maio"**, (publicada no BOPG núm. 486, do 8 de xuño de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia considera irrenunciábel o mantemento do apoio ao sector do libro, dado o seu valor estratéxico para a promoción e divulgación da cultura e da lingua galegas. É por elo que a Consellería de Cultura e Turismo está a facer un especial esforzo no presente exercicio para que os necesarios axustes nos orzamentos xerais da Xunta de Galicia afecten no menor grao posible ao libro en galego.

Unha aposta firme por este relevante sector que non só ten o seu reflexo nos orzamentos consignados, senón que ven de demostrarse ademais a través da declaración do pasado ano 2010 como Ano do Libro e da Lectura en Galicia -cun investimento total aproximado de 2,85 millóns de euros, dos



que as nosas bibliotecas e o sector do libro galego foron os absolutos beneficiados-, da apertura ao público e posta en marcha da Biblioteca de Galicia –poñendo así a disposición de todos os galegos espazos e recursos humanos de excelencia dedicados ao seu patrimonio bibliográfico-, así como da recente creación dunha Dirección Xeral especificamente orientada a darlle maior visibilidade ao sector do libro -a Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos-.

Neste marco xeral de acción, polo que respecta en concreto ao apoio do libro en galego no presente exercicio orzamentario, poden sinalarse dúas partidas como aquelas que máis directamente se relacionan co mesmo: a 432.A.770.0, destinada á promoción, produción e edición do libro en galego, que se mantén nos catrocentos vintecinco mil euros inicialmente previstos; e a 432.A.628.2, destinada á adquisición de novidades de libro galego, na que se realizou a transferencia referida, mais que –con independencia das variacións nas asignacións a conceptos orzamentarios, realizadas con finalidade administrativa- manterá tamén os oitocentos mil euros que tiña inicialmente asignados a través da vinculación de créditos e da adquisición de libro en galego dentro do programa xeral de adquisicións da Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos.

En consecuencia, tal e como se ten exposto repetidamente en sede parlamentaria, non é en absoluto correcto falar de ocultación de recortes por parte da Xunta de Galicia no gasto que afecta ao libro galego ou á adquisición de libros para bibliotecas porque -fóra dos xa anunciados axustes orzamentarios do presente exercicio, consecuencia lóxica do actual contexto financeiro-, mantéñense os recursos inicialmente asignados.

O soporte dado ao sector do libro galego realízase así mesmo a través doutros proxectos e actividades, como o apoio á organización das feiras do libro en Galicia e á súa presenza e difusión exterior en feiras internacionais (Bolonia, Bos Aires, Liber Madrid, Frankfurt ou Guadalajara-México), a



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

promoción que supón para o libro galego –actual, pero sobre todo histórico– dedicarlle boa parte dos servizos e actividades da Biblioteca de Galicia, ou a elaboración de portais para difusión do préstamo de libro galego en bibliotecas, entre outras. Un soporte directo e indirecto que se materializa, de xeito concreto, en diversas partidas orzamentarias, tales como a 432.A.628.1, a 432.A.628.2, a 432.A.770.0, a 432.B.628.1, a 432.A.640.3 ou a 432.A.640.2.

O apoio da Xunta de Galicia á industria editorial e á mellora das bibliotecas públicas galegas é considerado prioritario, sendo o obxectivo fundamental da Consellería de Cultura e Turismo a promoción dos autores galegos, o impulso da competitividade da nosa literatura nos mercados internacionais e o fomento da eficiencia e a innovación na edición, distribución e promoción do libro en galego.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 65349**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos I. Aymerich Cano e dona Ana Luísa Bouza Santiago, sobre "**a situación do servizo público de transporte sanitario na Costa da Morte**", (publicada no BOPG núm. 486, do 8 de xuño de 2011), teño a honra de enviárlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Tras varios meses de problemas coa adxudicataria da prestación do servizo de transporte sanitario, as empresas da UTE presentaron a súa renuncia a continuar co contrato vixente con data 7 de xuño de 2011.

Dende hai varias semanas incorporouse unha nova empresa, restablecéndose con normalidade a prestación do servizo."



XUNTA DE GALICIA

Polo tanto, e acadado o obxectivo de contención e priorización no gasto público, debese salientar ademais a consecución do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, como elemento esencial para a sostenibilidade das contas públicas da Comunidade Autónoma.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

SB/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 3ª- nº **59430**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María José Caride Estévez e varios/as deputados/as máis, sobre **“a valoración do Goberno galego das alternativas de futuro do sistema financeiro galego, as previsións de promoción dunha solución concertada e a existencia na economía galega de posibilidades de captación do capital que vai necesitar Novacaixagalicia, así como as de participación do Goberno galego no proceso”**, (publicada no BOPG nº 416, do 23 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada segundo os datos que obran nesta **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O abrupto cambio normativo sufrido polas entidades financeiras españolas a comezos do ano 2011 sitúaaas en desvantaxe comparativa co resto de entidades do noso entorno. Realiza tamén unha discriminación en función da natureza xurídica das entidades, de tal modo que só dúas pequenas caixas de aforro continuarán como tales.

Neste contexto Novacaixagalicia está executando un plan de recapitalización para adaptarse ás novas esixencias normativas do Estado, contemplando a súa transformación en sociedade mercantil , unha evolución orgánica que maximice os seus recursos propios e unha posterior ampliación de capital que dea entrada a un accionariado mixto.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Este sistema permitiu que superaran de xeito satisfactorio os test de estrés de xullo de 2011 e esperamos que permita unha consolidación como unha entidade financeira solvente e galega.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

SB/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 3ª- nº **60484**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María José Caride Estévez e varios/as deputados/as máis, sobre **“o motivo real da baixa de crédito realizada en novembro de 2010 nos orzamentos das consellerías do Medio Rural e do Mar por un importe de máis de noventa millóns de euros, as súas consecuencias na execución orzamentaria, así como a avaliación do Goberno galego da xestión da Consellería do Mar”**, (publicada no BOPG nº 421, do 2 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada segundo os datos que obran nesta **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Durante o exercicio 2010 déronse baixas por importes de 51,9 millóns de euros de FEADER e de 43,4 millóns de euros de FEP, estas baixas realízanse ao verificar que se atopaban con documentos contables de retención de crédito por falta de fondos propios para cofinanciar aos fondos europeos que non ían poder executarse por ese mesmo motivo, polo que estaban amosando una imaxe distorsionada do crédito vixente.

Esta situación acontece especialmente dende a aprobación no ano 2007 da Orde de incorporación automática de créditos, que incorporaba automaticamente todos os fondos europeos pendentes de execución, independentemente de que segundo a planificación do xestor do gasto se puideran executar ou non.



Se combinamos a anterior Orde, que distorsiona totalmente o significado do crédito vixente (crédito inicial +- modificacións orzamentarias), con una deficiente técnica de orzamentación dos fondos europeos, que sobreorzamentou fondos nos primeiros anos do marco 2007-2013, xusto cando os proxectos de gasto están por definir e, polo tanto a execución dos mesmos será máis baixa.

Así o FEP que debería contar con una anualidade media de 61 millóns de euros no actual marco, orzáméntase no 2007 por 66 millóns de euros (dándose de baixa posteriormente 22,8 millóns de euros), no 2008 por 82,9 millóns de euros e no 2009 por 67,9 millóns de euros.

Se a anterior sobreorzamentación engadimos as incorporacións de crédito automáticas, nos atopamos que no 2009 no orzamento vixente lucían os 67,9 millóns de euros de orzamento inicial e 83,7 millóns de euros de créditos FEP incorporados de exercicios anteriores, una cifra que nos amosa o gasto previsto de acordo coa planificación financeira da Consellería, senón a pelota de fondo europeo acumulada froito dunha orzamentación excesiva e dunha modesta execución.

É por elo que, cumpría afacer os créditos vixentes as posibilidades reais de execución e así se fixo.

O mesmo acontece cos créditos financiados con feader, mesmo criterio de orzamentación e de incorporacións de crédito. Así no 2007 orzáméntanse 111 millóns de euros (dos que se dan baixas por 34), no 2008 118 millóns de euros e no 2009 128 millóns de euros.

Como pode verse as baixas de fondos europeos non son un invento novo, senón que xa se practicaran neste marco comunitario con anterioridade, e perseguen un obxectivo definido mellorar a imaxe fiel das contas (dando de baixa un crédito que non se pode gastar por carecer de cofinanciamento e que xa non se debeu incorporar) e poder orzamentar en exercicios futuros estes fondos en función da xestión efectiva dos mesmos polas correspondentes sección orzamentarias.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O Plano Xeral de contabilidade pública sinala que, as contas anuais deben subministrar información útil para a toma de decisións económicas e constituír un medio para a rendición de contas da entidade polos recursos que lle foran confiados. Para elo, haberán de redactarse con claridade e amosar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico patrimonial, e da execución do orzamento da entidade contable.

Nesta mesma dirección abonda o plano, a aplicación sistemática e regular dos requisitos da información e principios e criterios contables conducirá a que as contas anuais mostren a antedita imaxe fiel. A tal efecto, na contabilización das operacións, atenderase á realidade económica e non só á forma xurídica.

Isto mesmo é o que se persegue mediante una xestión activa das incorporacións e baixas de determinados fondos que, como os europeos ten un período de execución que abrangue varios exercicios orzamentarios."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 3ª- nº **61960**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María José Caride Estévez e varios/as deputados/as máis, sobre **“a solución de futuro para Novacaixagalicia na que están a traballar os xestores da caixa e o Goberno galego”**, (publicada no BOPG nº 436, do 23 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada segundo os datos que obran nesta **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O abrupto cambio normativo sufrido polas entidades financeiras españolas a comezos do ano 2011 sitúaaas en desvantaxe comparativa co resto de entidades do noso entorno.

Igualmente realiza unha discriminación en función da natureza xurídica das entidades, plantexándose realmente como un xeito de eliminar a centenaria figura das caixas de aforros.

Neste contexto Novacaixagalicia está executando un plan de recapitalización para adaptarse ás novas esixencias normativas do Estado, contemplando a súa transformación en sociedade mercantil , unha evolución orgánica que maximice os seus recursos propios e unha posterior ampliación de capital que dea entrada a un accionariado mixto.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Este sistema permitiu que superaran de xeito satisfactorio os test de estrés de xullo de 2011.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Rolando Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 3ª- nº **61966**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María José Caride Estévez e varios/as deputados/as máis, sobre **“a opción de futuro defendida no plan de viabilidade de Novacaixagalicia, o papel da Xunta de Galicia na súa definición e as achegas de capital necesarias, así como o mantemento da obra social”**, (publicada no BOPG nº 436, do 23 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada segundo os datos que obran nesta **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O abrupto cambio normativo sufrido polas entidades financeiras españolas a comezos do ano 2011 sitúaaas en desvantaxe comparativa co resto de entidades do noso entorno.

Igualmente realiza unha discriminación en función da natureza xurídica das entidades, plantexándose realmente como un xeito de eliminar a centenaria figura das caixas de aforros.

Neste contexto Novacaixagalicia está executando un plan de recapitalización para adaptarse ás novas esixencias normativas do Estado, contemplando a súa transformación en sociedade mercantil , unha evolución orgánica que maximice os seus recursos propios e unha posterior ampliación de capital que dea entrada a un accionariado mixto.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

h


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 3ª- nº **61968**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María José Caride Estévez e varios/as deputados/as máis, sobre **“o core capital das caixas de aforro galegas a 31 de decembro de 2010, os datos referidos á actividade desenvolvida, nomeadamente en materia de compra de activos inmobiliarios situados fóra de Galicia, e os seus efectos na solvencia global destas entidades”**, (publicada no BOPG nº 436, do 23 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada segundo os datos que obran nesta **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A laboura de supervisión que legalmente lle corresponde á Consellería de Facenda vai acompañada do deber de secreto sobre os datos das entidades supervisadas.

Malia o anterior, as entidades financeiras españolas fan públicas as principais magnitudes do seu balance e conta de resultados. Adicionalmente, nos últimos tempos estanse ofrecendo de xeito público datos de concentración en determinados sectores problemáticos.

Por todo o anterior, son as propias entidades quenes poden ofrecer estes datos reservados dos seus estados confidenciais, máis esta información non pode partir do supervisor.”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Relacións Institucionais e Parlamentarias
García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

SB/mv



En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4ª- nº **64695**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Guillermo Antonio Meijón Couselo e varios/as deputados/as máis, sobre **“a denegación pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da entrevista solicitada polo señor alcalde de Ares para tratar a ampliación do colexio público integrado, pola prohibición establecida na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral”**, (publicada no BOPG nº 468, do 11 de maio de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“O conselleiro de Educación e OU visitou o pasado 2 de maio de 2011o CEIP Eladía Mariño, en Cabanas, é dicir, acudiu a unhas instalacións que dependen da Administración educativa galega.

Tal e como se sinalou no seu momento, esta visita enmárcase no percorrido que o titular da Consellería está a facer por centros de ensino de toda Galicia, co fin de coñecer en primeira persoa as súas necesidades e as demandas das súas respectivas comunidades educativas.

Parecen evidentes as diferenzas que existen entre unha visita institucional a un centro educativo dependente da Consellería e unha reunión como a que estaba a solicitar o alcalde de Ares e que, tal e como se comunicou por carta, non puido celebrarse *‘non só por razóns de axenda persoal, senón*



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


tamén pola posible colisión da celebración desta reunión coa prohibición establecida pola Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral'.

En relación coa situación do CPI Conde de Fenosa, mencionar que en varias ocasións a responsables da Xefatura Territorial da Consellería de Educación na Coruña visitaron o centro educativo e se reuniron co alcalde, que tamén tivo ocasión de reunirse, varias veces, co delegado Territorial da Xunta de Galicia e, ademais, tamén co secretario xeral técnico da Consellería."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Rosalía Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

SB/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 4ª- nº **64724**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Guillermo Antonio Meijón Couselo e varios/as deputados/as máis, sobre **“as previsións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria respecto da formulación dalgún tipo de programa de bolsas e axudas para os estudantes de formación profesional en función dos desprazamentos ao centro onde cursan os seus estudos”**, (publicada no BOPG nº 468, do 11 de maio de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Educación e OU, conforme ás competencias que ten atribuídas, adoptou a Orde do 3 de maio de 2011 pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo.

Esta orde foi publicada no Diario Oficial de Galicia número 92.”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 3ª- nº **64819** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María José Caride Estévez e varios/as deputados/as máis, sobre **“a situación na que se atopa Novacaixagalicia respecto da superación dos tests de estrés sen a achega dos recursos públicos do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria e as consecuencias para unha entidade no caso de non superalos”**, (publicada no BOPG nº 479, do 27 de maio de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada segundo os datos que obran nesta **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Novacaixagalicia superou os test de estrés do mes de xullo de 2011, a pesares de non computar as provisións anticíclicas. Outras entidades, aínda con FROB II non acadaron esta nota de corte prevista pola EBA.

A Ministra de Economía y Hacienda foi moi crítica polo non cómputo da provisión xenérica nos test de estrés, contradicindo a posición mantida polo MEH cando se desenvolveron as novas esixencias españolas en materia de capital principal.”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



3

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mv

En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 3ª- nº **65040**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María José Caride Estévez e varios/as deputados/as máis, sobre **“a valoración do Goberno galego dos cambios na remuneración dos directivos das caixas de aforros galegas en relación co axuste laboral interno e as medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG nº 477, do 25 de maio de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada segundo os datos que obran nesta **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Como xa foi indicado no Pleno do Parlamento de Galicia, infórmase que as retribucións dos directivos de NCG non tiveron medra no ano 2010. Pola contra o máximo histórico de medra nas súas retribucións foi no ano 2007, baixo a supervisión do Goberno Bipartito.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

SB/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 3ª- nº **65321**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María José Caride Estévez e varios/as deputados/as máis, sobre **“o motivo do incremento no ano 2011 do gasto en publicidade da Consellería de Facenda”**, (publicada no BOPG nº 485, do 7 de xuño de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada segundo os datos que obran nesta **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Facenda, no uso das competencias que lle son propias leva a cabo campañas de publicidade que nalgúns casos veñen impostas pola normativa comunitaria e, noutros, pola necesidade de facilitar aos cidadáns información relativa a novos servizos que se poñen a súa disposición e encamiñadas ao fomento da solidariedade para o mantemento dos servizos públicos.

Así, tanto no ano 2010 como no ano 2011 licitáronse, a través de procedementos previstos na normativa de contratos do sector público, campañas publicitarias para as seguintes finalidades:



1.- Campaña publicitaria ` Programas Operativos FEDER Galicia e FSE Galicia 2007-2013'.

A través dos soportes de prensa escrita e radio, en coherencia co *Regulamento (CE) 1081/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Social Europeo e co Regulamento (CE) 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional*, e coa normativa comunitaria vixente de información e publicidade, especialmente:

a) O artigo 69.1 do *Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do Consello, de 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e se derroga o Regulamento (CE) nº 1260/1999*, que establece: **`O estado membro e a autoridade de xestión do programa operativo darán a coñecer as operacións e os programas obxecto de cofinanciamento e facilitarán información ao respecto. A devandita información irá dirixida aos cidadáns da Unión Europea e aos beneficiarios coa finalidade de destacar o papel desempeñado pola Comunidade e garantir a transparencia da axuda procedentes dos Fondos.'**

b) O artigo 1 a) do *Regulamento (CE) Nº 1828/2006, de 8 de decembro de 2006, da Comisión que fixa normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, de 11 de xullo de 2006, e o Regulamento (CE) nº 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional*, que concreta, entre outras, as referentes a información e publicidade.



- c) O tema prioritario 86 do Eixe 7 Asistencia técnica do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013 denominado '*Avaliación e estudos; información e comunicación*', que inclúe, entre outras, as actuacións dirixidas a dar resposta ás necesidades de información e publicidade do PO FEDER.
- d) O artigo único da *Orde do Ministerio de Economía e Facenda EHA/524/2008, de 26 de febreiro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Cohesión*, que establece na súa norma 7.1 os gastos que serán subvencionables, entre eles os gastos recollidos no artigo 46.1 do dito Regulamento (CE) nº 1083/2006 que inclúe actividades de información dos programas operativos.
- e) A medida 10 do Plan de Comunicación do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013, que recolle a realización de accións de difusión dos avances e resultados do PO FEDER en medios de comunicación.
- f) O tema prioritario 86 do Eixe 5 Asistencia técnica do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013 denominado '*Avaliación e estudos; información e comunicación*', que inclúe, entre outras, as actuacións dirixidas a dar resposta ás necesidades de información e publicidade do PO FSE e de difusión e comunicación das actuacións cofinanciadas.
- g) O artigo 4.1 da *Orde do Ministerio de Traballo e Inmigración TIN/2965/2008, de 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2007-2013*, que establece que serán subvencionables como gastos de Asistencia Técnica os gastos de información dos programas operativos do Fondo Social Europeo.



h) A medida 26 do Plan de Comunicación do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013, que recolle a realización de accións de difusión de avances e resultados do PO FSE.

No traballo de difusión considerase de vital importancia trasladar aos cidadáns galegos os avances, resultados e beneficios que se vaian producindo no período de execución dos programas operativos FEDER e FSE, así como a actividade desenvolvida pola Unión Europea en Galicia.

Con esta campaña preténdese concienciar á cidadanía galega do que a Unión Europea fai en favor do desenvolvemento rexional de Galicia a través do FEDER e do FSE. A través da mesma trátase de configurar uns sistemas de información e publicidade que favorecen a modernización da economía da UE, o crecemento e o emprego.

2.- Campaña 'Solidariedade nos impostos'.

Nun contexto de fortes restricións orzamentarias, como consecuencia dunha caída moi importante dos ingresos, sumado a unha cada vez mais crecente demanda de recursos para cubrir necesidades sociais, faise necesario incidir na conveniencia de que tódolos cidadáns cumpran coas súas obrigas tributarias para poder preservar o Estado de Benestar que existe nestes momentos.

A prioridade é manter a prestación dos servizos públicos coa máxima calidade, sendo conscientes de que isto absorbe cada vez unha maior cantidade dos seus recursos. O obxectivo é levar a cabo unha acción de concienciación e sensibilización sobre a corresponsabilidade entre cidadáns e Administración para non poñer en risco este sistema de prestación de servizos.



Por estes motivos, considérase que é necesario poñer en marcha unha campaña de divulgación para sensibilizar á sociedade no seu conxunto da súa responsabilidade como contribuíntes á hora de facer fronte ás súas obrigas tributarias.

3.- Campaña e-administración.

A Lei 11/2007, do 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos, establece no seu artigo 6 os dereitos dos cidadáns a relacionarse coas Administracións Públicas utilizando medios electrónicos para o exercicio dos dereitos previstos no artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como para obter informacións, realizar consultas e alegacións, formular solicitudes, manifestar consentimento, entaboar pretensións, efectuar pagamentos, realizar transaccións e opoñerse ás resolucións e actos administrativos.

Ademais, os cidadáns teñen en relación coa utilización dos medios electrónicos na actividade administrativa, e nos termos previstos na presente Lei, os seguintes dereitos:

- a) A elixir, entre aqueles que en cada momento se encontren dispoñibles, a canle a través da cal relacionarse por medios electrónicos coas Administracións Públicas.
- b) A coñecer por medios electrónicos o estado de tramitación dos procedementos nos que sexan interesados, salvo nos supostos en que a normativa de aplicación estableza restricións ao acceso á información sobre aqueles.

Polo tanto, a citada campaña ten como finalidade informar aos cidadáns da posta en funcionamento de aplicacións como o sistema electrónico de facturación, a licitación electrónica e outros servizos relacionados coa oficina virtual tributaria.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Rosendo Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 3ª- nº **65322**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María José Caride Estévez e varios/as deputados/as máis, sobre **“o motivo do incremento no ano 2011 do gasto en publicidade da Consellería de Facenda”**, (publicada no BOPG nº 485, do 7 de xuño de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada segundo os datos que obran nesta **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Facenda, no uso das competencias que lle son propias leva a cabo campañas de publicidade que nalgúns casos veñen impostas pola normativa comunitaria e, noutros, pola necesidade de facilitar aos cidadáns información relativa a novos servizos que se poñen a súa disposición e encamiñadas ao fomento da solidariedade para o mantemento dos servizos públicos.

Así, tanto no ano 2010 como no ano 2011 licitáronse, a través de procedementos previstos na normativa de contratos do sector público, campañas publicitarias para as seguintes finalidades:



1.- Campaña publicitaria ` Programas Operativos FEDER Galicia e FSE Galicia 2007-2013`.

A través dos soportes de prensa escrita e radio, en coherencia co *Regulamento (CE) 1081/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Social Europeo e co Regulamento (CE) 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional*, e coa normativa comunitaria vixente de información e publicidade, especialmente:

a) O artigo 69.1 do *Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do Consello, de 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e se derroga o Regulamento (CE) nº 1260/1999*, que establece: **`O estado membro e a autoridade de xestión do programa operativo darán a coñecer as operacións e os programas obxecto de cofinanciamento e facilitarán información ao respecto. A devandita información irá dirixida aos cidadáns da Unión Europea e aos beneficiarios coa finalidade de destacar o papel desempeñado pola Comunidade e garantir a transparencia da axuda procedentes dos Fondos.`**

b) O artigo 1 a) do *Regulamento (CE) Nº 1828/2006, de 8 de decembro de 2006, da Comisión que fixa normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, de 11 de xullo de 2006, e o Regulamento (CE) nº 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional*, que concreta, entre outras, as referentes a información e publicidade.



c) O tema prioritario 86 do Eixe 7 Asistencia técnica do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013 denominado '*Avaliación e estudos; información e comunicación*', que inclúe, entre outras, as actuacións dirixidas a dar resposta ás necesidades de información e publicidade do PO FEDER.

d) O artigo único da *Orde do Ministerio de Economía e Facenda EHA/524/2008, de 26 de febreiro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Cohesión*, que establece na súa norma 7.1 os gastos que serán subvencionables, entre eles os gastos recollidos no artigo 46.1 do dito Regulamento (CE) nº 1083/2006 que inclúe actividades de información dos programas operativos.

e) A medida 10 do Plan de Comunicación do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013, que recolle a realización de accións de difusión dos avances e resultados do PO FEDER en medios de comunicación.

f) O tema prioritario 86 do Eixe 5 Asistencia técnica do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013 denominado '*Avaliación e estudos; información e comunicación*', que inclúe, entre outras, as actuacións dirixidas a dar resposta ás necesidades de información e publicidade do PO FSE e de difusión e comunicación das actuacións cofinanciadas.

g) O artigo 4.1 da *Orde do Ministerio de Traballo e Inmigración TIN/2965/2008, de 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2007-2013*, que establece que serán subvencionables como gastos de Asistencia Técnica os gastos de información dos programas operativos do Fondo Social Europeo.



h) A medida 26 do Plan de Comunicación do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013, que recolle a realización de accións de difusión de avances e resultados do PO FSE.

No traballo de difusión considerase de vital importancia trasladar aos cidadáns galegos os avances, resultados e beneficios que se vaian producindo no período de execución dos programas operativos FEDER e FSE, así como a actividade desenvolvida pola Unión Europea en Galicia.

Con esta campaña preténdese concienciar á cidadanía galega do que a Unión Europea fai en favor do desenvolvemento rexional de Galicia a través do FEDER e do FSE. A través da mesma trátase de configurar uns sistemas de información e publicidade que favorecen a modernización da economía da UE, o crecemento e o emprego.

2.- Campaña 'Solidariedade nos impostos'.

Nun contexto de fortes restricións orzamentarias, como consecuencia dunha caída moi importante dos ingresos, sumado a unha cada vez mais crecente demanda de recursos para cubrir necesidades sociais, faise necesario incidir na conveniencia de que tódolos cidadáns cumpran coas súas obrigas tributarias para poder preservar o Estado de Benestar que existe nestes momentos.

A prioridade é manter a prestación dos servizos públicos coa máxima calidade, sendo conscientes de que isto absorbe cada vez unha maior cantidade dos seus recursos. O obxectivo é levar a cabo unha acción de concienciación e sensibilización sobre a corresponsabilidade entre cidadáns e Administración para non poñer en risco este sistema de prestación de servizos.



Por estes motivos, considérase que é necesario poñer en marcha unha campaña de divulgación para sensibilizar á sociedade no seu conxunto da súa responsabilidade como contribuíntes á hora de facer fronte ás súas obrigas tributarias.

3.- Campaña e-administración.

A Lei 11/2007, do 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos, establece no seu artigo 6 os dereitos dos cidadáns a relacionarse coas Administracións Públicas utilizando medios electrónicos para o exercicio dos dereitos previstos no artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como para obter informacións, realizar consultas e alegacións, formular solicitudes, manifestar consentimento, entaboar pretensións, efectuar pagamentos, realizar transaccións e opoñerse ás resolucións e actos administrativos.

Ademais, os cidadáns teñen en relación coa utilización dos medios electrónicos na actividade administrativa, e nos termos previstos na presente Lei, os seguintes dereitos:

- a) A elixir, entre aqueles que en cada momento se encontren dispoñibles, a canle a través da cal relacionarse por medios electrónicos coas Administracións Públicas.
- b) A coñecer por medios electrónicos o estado de tramitación dos procedementos nos que sexan interesados, salvo nos supostos en que a normativa de aplicación estableza restricións ao acceso á información sobre aqueles.

Polo tanto, a citada campaña ten como finalidade informar aos cidadáns da posta en funcionamento de aplicacións como o sistema electrónico de facturación, a licitación electrónica e outros servizos relacionados coa oficina virtual tributaria.”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727